GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219488618	06/12/2016	441,19 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812610	09/12/2016	531,42 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812611	09/12/2016	977,76 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812643	09/12/2016	490,27 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137011858611	11/12/2016	49,72 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137011867313	11/12/2016	440,34 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16137011915442	12/12/2016	485,14 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16321219864982	12/12/2016	1.064,80 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137012231029	15/12/2016	348,19 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137012582788	18/12/2016	208,27 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16137012716392	22/12/2016	971,35 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16321221680173	27/12/2016	198,14 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000395783	08/01/2017	407,32 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000411034	08/01/2017	222,20 €	3231A.22100

### Concello de Redondela





GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458548	09/01/2017	366,05 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000459062	09/01/2017	859,33 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463201	09/01/2017	450,69 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463202	09/01/2017	797,11 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463260	09/01/2017	499,89 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463264	09/01/2017	1.103,28 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463269	09/01/2017	441,26 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000676044	11/01/2017	47,18 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000701012	11/01/2017	120,64 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000968848	15/01/2017	259,24 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137001732872	23/01/2017	964,18 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137002098925	30/01/2017	716,80 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321225415833	14/02/2017	802,64 €	3231A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321225415834	14/02/2017	717,00 €	3231A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137009845761	10/11/2016	459,13 €	3261A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137012350875	16/12/2016	1.095,09 €	3261A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137004157090	27/02/2017	1.505,74 €	3261A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812650	09/12/2016	758,61 €	3331A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463278	09/01/2017	760,36 €	3331A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812639	09/12/2016	2.645,14 €	3331B.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463262	09/01/2017	2.912,70 €	3331B.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812652	09/12/2016	508,44 €	3331C.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463281	09/01/2017	378,83 €	3331C.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219488586	06/12/2016	895,00 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812604	09/12/2016	511,85 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812612	09/12/2016	527,51 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812653	09/12/2016	2.779,35 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812706	09/12/2016	796,74 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321221153929	22/12/2016	759,35 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321221399780	23/12/2016	280,89 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463199	09/01/2017	394,46 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463203	09/01/2017	498,25 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463204	09/01/2017	843,52 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463282	09/01/2017	2.084,88 €	3421A.22100

### Concello de Redondela



S.A. GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463294	09/01/2017	660,21 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321223793044	25/01/2017	199,29 €	3421A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812644	09/12/2016	2.825,25 €	3421B.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463270	09/01/2017	2.629,37 €	3421B.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137009818770	10/11/2016	695,39 €	4312A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137011915541	12/12/2016	682,34 €	4312A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000459269	09/01/2017	687,29 €	4312A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137010630248	20/11/2016	200,48 €	4312B.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137001595453	22/01/2017	173,95 €	4312B.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE16321219812640	09/12/2016	1.678,21 €	9221A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE16137011884380	11/12/2016	37,52 €	9221A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000417637	08/01/2017	37,21 €	9221A.22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000445901	08/01/2017	293,99 €	9221A.22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE17321222463263	09/01/2017	1.863,85 €	9221A.22100
ASPY PREVENCION S.L.	2016099415	01/09/2016	1.374,58 €	9221A.22701
ASPY PREVENCION S.L.	2016111448	01/10/2016	1.374,58 €	9221A.22701

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP, as abstencións dos grupos municipais do PSG- PSOE e BNG, e o voto en contra do grupo municipal de AER estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

#### INTERVENCIÓNS:

Antes de pasar a tratar o asunto da orde do día, polo interventor e o Alcalde indícase que se retiran as seguintes partidas, quedando o importe do recoñecemento extraxudicial de créditos cun importe de 202.073,55 euros:

GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458538	09/01/2017	Sub. alumeadado público O Coto 42 do 27.10 a 02.01.17	842,23 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458676	09/01/2017	Sub. alumeadado público Meixón Frio 11 do 28.10 a 03.01.17	1.060,88 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000687000	11/01/2017	Sub. alumeadado público Monte do Cuco 5 do 05.12 a 03.01.17	334,54 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137001313439	19/01/2017	Sub. alumeadado público Avda Vigo 88 do 15.12 a 15.01.17	14,97 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000377857	08/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Reveriano Soutullo 1 BJ do 02.12 a 0 2.01.17	401,03 €	2311A/22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	FE17321222840074	12/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Pousadoiro 101 do 29.10 a 03.01.17	1.229,78 €	2411A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458548	09/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Castiñeira 11 do 02.12.16 a 03.01.17	366,05 €	3231A/22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	FE17321222463260	09/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Cardona 3 do 01.12 a 03.01.17	499,89 €	3231A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000676044	11/01/2017	Sub. enerxía eléctrica O Pozo 181 BJ do 05.12 a 04.01.17	47,18 €	3231A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000968848	15/01/2017	Sub. enerxía eléctrica 3 do 07.12 a 08.01.17	259,24 €	3231A/22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	FE17321223793044	25/01/2017	Sub. de gas Avda Mendiño 28 do 13.12 a 12.01.17	199,29 €	9221A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000445901	08/01/2017	Sub enerxía eléctrica praza Figueroa 3 BJ do 28.10 a 03.01.17	293,99 €	9221A/22100
				5.549,07 €	
				<b>202.073,55 €</b>	

#### **Concello de Redondela**



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que unha decisión de carácter puntual estase a converter nun hábito, que todos os meses pasa o mesmo, di que habería que poñer trabas ou algún problema. En principio non o van apoiar, e que as empresas teñen que aprender a presentar as facturas en tempo en forma.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non o van apoiar, pensa que a xestión non é boa e crea un quebranto. Fala dunha Resolución da Alcaldía que afecta ás obras de desperfectos do multiusos da Xunqueira e á xestión do concelleiro González Barbeiro.

Deseguido o alcalde lle retira a palabra porque esa cuestión non é obxecto do asunto que se está tratando.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o goberno e a súa xestión non ten que ver coa presentación das facturas, senon que son as empresas. Son consumos feitos por este concello, e entenden que se teñen que aprobar. Di ao concelleiro do BNG que non ten criterio, dille que cre que os últimos recoñecementos non os votou en contra. Ao Sr. Figueroa Rodríguez dille que o tema que están a falar é o recoñecemento extraxudicial e que non pode engadir outras cuestións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO reitera que se está convertindo nun hábito, queren amosar o seu disgusto con esta práctica, que debería ser puntual e se está convertindo en norma, e incumpren con algunhas promesas, como o orzamento a principio de ano. Pensan que non se pode apoiar porque sí, porque as empresas teñen que presentar as facturas en tempo e forma.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que van votar en contra, que as facturas de Unión Fenosa son de 5.000 euros, e que o mes de febreiro votaran en contra, e logo volve a tratar o asunto do multiusos da Xunqueira e pola nefasta xestión de Arturo González coa empresa que quixo arranxalo e creou máis desperfectos.

O Alcalde reitera que este tema non é obxecto do asunto da orde do día.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que se deixan de pagar os consumos, as empresas teñen gabinetes de avogados que poñen ao concello nun problema porque lle supoñen custes para a súa defensa. Ao concelleiro Figueroa Rodríguez dille que non é boa combinación mezclar churras con merinas, que todos os expedientes teñen informes dos técnicos. A realidade é que hai facturas de consumos feitos no Concello. Remata dicindo que con esta postura, non se paga a persoas que actúan como autónomos. Agradece ao grupo do PSdeG-PSOE por o seu apoio.

#### VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación coa retirada das partidas indicadas quedando o recoñecemento extraxudicial cun importe de **202.073,55 euros**:



GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458538	09/01/2017	Sub. alumeadado público O Coto 42 do 27.10 a 02.01.17	842,23 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458676	09/01/2017	Sub. alumeadado público Meixón Frio 11 do 28.10 a 03.01.17	1.060,88 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000687000	11/01/2017	Sub. alumeadado público Monte do Cuco 5 do 05.12 a 03.01.17	334,54 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137001313439	19/01/2017	Sub. alumeadado público Avda Vigo 88 do 15.12 a 15.01.17	14,97 €	1651A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000377857	08/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Reveriano Soutullo 1 BJ do 02.12 a 02.01.17	401,03 €	2311A/22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	FE17321222840074	12/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Pousadoiro 101 do 29.10 a 03.01.17	1.229,78 €	2411A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000458548	09/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Castiñeira 11 do 02.12.16 a 03.01.17	366,05 €	3231A/22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	FE17321222463260	09/01/2017	Sub. enerxía eléctrica Cardona 3 do 01.12 a 03.01.17	499,89 €	3231A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000676044	11/01/2017	Sub. enerxía eléctrica O Pozo 181 BJ do 05.12 a 04.01.17	47,18 €	3231A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000968848	15/01/2017	Sub. enerxía eléctrica 3 do 07.12 a 08.01.17	259,24 €	3231A/22100
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	FE17321223793044	25/01/2017	Sub. de gas Avda Mendiño 28 do 13.12 a 12.01.17	199,29 €	3241A/22100
GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FE17137000445901	08/01/2017	Sub enerxía eléctrica praza Figueroa 3 BJ do 28.10 a 03.01.17	293,99 €	9221A/22100
				5.549,07 €	
				<b>202.073,55 €</b>	

Apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 16 votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, e 1 da concelleira non adscrita), 4 en contra de AER e 1 abstención do BNG.

## **5. Dar conta da solicitude de cofinanciamento para o proxecto anual de servizos sociais comunitarios do ano 2017.**

Dase conta da Resolución da Alcaldía do 25/04/2017 de solicitude de cofinanciamento par ao proxecto anual de servizos sociais comunitarios ano 2017.

O Concello Pleno quedou enterado.

## **6. Actividades de control do Pleno.**

### **6.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

O Pleno queda enterado das resolucións da alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona

### **6.2. Solicitudes de comparecencia.**

**Solicitude de comparecencia de AER do concelleiro de medio ambiente polos recheos da finca da Rabadeira ao carón do paseo do Río Maceiras. (Rexistro de entrada 28/04/2017 – 2017 – E-RC-6229), que se transcribe a continuación:**

Debido a contradicción existentes tanto nas respostas vía prensa do equipo do goberno como n adocumentación existente no Concello no caso do recheo da finca da Rabadeira ao carón do paseo do Río Maceiras, debida a falta de contestación ou contestación parcial os numerosos rexistros presentados por AER sobre este tema.

Solicitamos a comparecencia do concelleiro de medio ambiente

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



O concelleiro CRESPO ABAL da lectura ás seguintes cuestións:  
"Por que non puxeron en coñecemento de Augas de Galiza estes feitos?"

Por que se fixo caso omiso do informe da Policía Municipal ( 08/02/2017) onde se recolle "*[...]Que noutro extremo desta propiedade, onde se apreciaban movementos de terra recentes, atopábase un operario con maquinaria pesada da empresa \_\_\_\_\_ , realizando ditos traballos cunha retroescavadora [...]*"

*"[...] NON presentando en ningún momento o pertinente permiso ou autorización de obra [...]" ?*

Por que se ignorou o informe que a Policía Autonómica mandou a este Concello (28/03/2017) onde verifican a existencia do desnivel no terreo, é dicir, do aterramento denunciado?

Por que no informe do vixilante de obras omite falar das licenzas correspondentes e do feito denunciado do recheo desta finca?: "*O día 20.02.2016 presenteime no lugar de referencia para realizar a visita de inspección, onde puiden constatar que no dito lugar xa non se atopan as recentes verteduras obxecto da denuncia.*"

Segue o concelleiro de Medio Ambiente mantendo estas declaracións?: "*Así mesmo recalcou que "a día de hoxe nesa leira só hai terra procedente do Maceiras e das riadas que sufrimos o pasado ano, e procederase á súa retirada en canto sexa posible, e sinala que mentres se procedeu a explanar a parcela "para causar o menor impacto visual".*

Quen pagou a explanación desta parcela?

Segundo vostedes o propietario da finca "*limitouse a colaborar desinteresadamente co Concello, cedendo de forma temporal a súa propiedade para facer provisión de terras e materiais procedentes de obras públicas realizadas en interese dos veciños*". Informáronlle vostedes de que na zona de policía do dominio público hidráulico non se poden facer este tipo de actuacións sen os correspondentes permisos?

Teñen pensado pedir desculpas á veciñanza afectada que leva mais dun ano sen poder cultivar na súa finca pola súa pasividade neste tema?"

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS resposta dando lectura a un informe da policía local no que recollen que os informes e denuncias danse conta ao departamento de disciplina urbanística. No departamento de medio ambiente o concelleiro e funcionarios tratan os temas de basura, de praias....

O Alcalde chama a orde ao Sr. Figueroa Rodríguez por interrumpir a comparecencia do concelleiro de medio ambiente.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS continúa con a súa intervención indicando que as denuncias que lles chegan as tratan no departamento, recibiu á denunciante, solicitándolle que a solicitara de novo. E a partir de ahí empezou a interesarse polo tema, mantén ás súas declaracións da prensa, indica que desde as obras do AVE púxose en contacto con veciños para a cesión de terreos para acopios de materiais e terras das obras. Foron varios os veciños que deixaron os terreos para depositar as terras. Houbo máis obras por parte do AVE, das inundacións, dos temporais. Lles preguntaron se por eses lodos pediran autorización, e foi o técnico de medio ambiente a comprobar se se retiraron, lle preguntaron se había escombros, e lles dixeron que sí





porque se fixo alí o acopio. Pide disculpas ao dono da finca que se meteu en problema por cesión do terreo, e había compromiso para retirar as terras con Augas de Galicia, e cando houbese un lugar as retirarían.

O concelleiro CRESPO ABAL di que pediron a comperencia porque no seu día respostou na prensa. Di que as obras do AVE terían que depositarse nas canteiras de Porriño. Dille que non respostou ás preguntas. Que o acopio temporal leva desde moito tempo, curiosamente o dono da finca di que deu permiso para deixar pasar para as obras do río Maceiras, dille que falta á verdade. O 1 de xuño preguntaron por qué seguían alí os lodos e non contestaron. É verdade que en 15 días retiráronse os lodos, pero seguen ás do AVE causando prexuízo aos veciños. A primeira resposta que lles deron é que non é competencia do Concello senon de Augas de Galicia e Costas. En febreiro pregutaron pola copia do informe da policía local e actuacións de urbanismo. A policía local di que hai movementos de terra, e o vixiante de obras di que non hai verteduras. Segue dicindo que é ilegal, non ten permisos. Non avisaron se o dono da finca tiña que pedir permisos e o dono se enfrenta a unha multa por Augas de Galicia de 5.000 euros. Di que non respondeu, lle debería pedir disculpas aos afectados e veciños, non entenden que non se lles fixo caso ao informe da policía autonómica. Pediron os permisos ou licenzas que había nese sitio, informes do vixiante de obras, informes da policía local, e o informe da policía non se tivo e conta. A súa obriga é poñerse en contacto con Augas de Galicia e pedirlle os permisos necesarios. Lles faltaron á verdade aos veciños. Di que tiveron desidia no tema e reitera que non resposta ás preguntas porque non teñen saída, remata que deben pedir disculpas.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que os acopios cando o Concello fai unha obra propia non pide permisos, hai técnicos que foron alí e fixeron os informes, o concelleiro non incide no seu traballo, e lle dixo ao denunciante que insistira no tema, lle dixeron ao veciño que deixara depositar alí no seu día. Augas de Galicia tamén fixo acopio de terras, e das obras do AVE. Parece que hai unha persecución con esa persoa por ser quen é. A terra que viña das obras do AVE era xabre e non escombros.

O Alcalde chama á orde por primeira vez ao concelleiro VARELA COUÑAGO por interrupción.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS continúa a súa intervención, asume as noticias da prensa, pero ás veces tergiversanse as cousas, remata dicindo que respode de él e non dos demais.

O Alcalde chama á orde por segunda vez ao concelleiro VARELA COUÑAGO por interrupción.

### **6.3. Mocións.**

#### **6.3.1. Moción do PP solicitando a visita do Deputado provincial para comprobar as necesidades de Redondela.**

##### **ANTECEDENTES:**

Moción do grupo PP do día 19/05/2017 con número 7.386 que se transcribe a continuación:



#### “EXPOSICION DE MOTIVOS.

Polo Concello de Redondela transcurren 8 estradas provinciais, algunhas delas precisan de ampliacións, melloras, e acondicionamentos no relacionado coa seguridade dos peóns. Dende Xuño de 2016 estivemos en contacto telefónico e escrito co departamento de mobilidade da Deputación Provincial

Tamén fixemos varias solicitudes como viñamos facendo dende o ano 2011 de maquinaria para a limpeza de praias e para o desbroce de estradas municipais e sendas naturais coma a senda da Auga.

O 10 de novembro asistimos a unha xuntanza co Deputado responsable de mobilidade Uxío Benítez a que acudimos en representación do goberno o Alcalde a Concelleira de Vías e obras e eu mesma como Concelleira de Urbanismo, nesa única xuntanza lle presentamos un dossier das cuestións máis urxentes como a necesidade de ampliación da estrada Provincial que transcurre dende o Colexio de Reboreda e que chega ata a parroquia de Ventosela e por donde ten moitas dificultades para poder circular o transporte escolar, tamén a ampliación das aceras pola Estrada provincial que vai dende o Colexio público de Cesantes ata Arxan en Soutomaior, así como a urxencia dos pasos de peóns elevados na estrada provincial de O Viso, entre outros, nesa xuntanza o Deputado provincial comprometeuse con nós en vir a Redondela e coñecer de primeira man a nosa Vila, xa que recoñeceu que non coñecía Redondela e precisaba vir para comprobar o estado destas estradas, e así se confirmou coa nota de prensa que a propia deputación enviou a Faro de Vigo o 11.11.2016 onde confirman a visita do Deputado.

Dado que esta xuntanza celebrouse en novembro e non tivemos ningunha visita a concelleira de Vías e Obras voltoulle enviar outro correo o 19/01/2017 reiterando a solicitude da visita así como a necesidade de que tivese coñecemento das situacións nas que se atopan as estradas provinciais.

Como xa fai 5 meses que se enviou este correo e tampouco tivemos contestación, creemos que unha forma máis de facer que o Deputado visite Redondela sería através dun acordó plenario xa que os canais avituais de comunicación oficial non están fructificando e estamos na mesma situación que hai un ano.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos que se adopte o seguinte acordo :

#### **ACORDO:**

1. - Instar o Deputado Provincial Uxío Benítez a que visite Redondela para comprobar as necesidades de mellora das Estradas provinciais tal e como se tiña comprometido na xuntanza do 10 de novembro que tivo con representantes municipais na Deputación de Pontevedra.”

#### INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non van votar a favor porque cren que o pleno do concello non é o lugar axeitado xa que hai membros da corporación

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



representantes na Deputación e deben debatila alí.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é unha vergoña que un goberno municipal sistematicamente cargue as tintas con outras administracións que non son do seu partido. Son as administracións as que fan as xestións para a mellora e calidade dos veciños, respecto ao dossier do que fala a moción o descoñece. Respecto ao tema de seguridade dos peóns e peonas houbo un cambio e se puxo en marcha para mellora da seguridade viaria das estradas dos concellos, pero son os concellos os que teñen que facer propostas para conciliar as estradas provinciais, vehículos cos peóns, houbo un cambio radical de mobilidade na provincia de Pontevedra, é un referente noutros lugares. O concello recibiu a convocatoria e non plantexaron melloras en algunha das estradas. É certo que hai carencia en estradas viarias de Pontevedra. Di que o equipo de goberno tivo posibilidade cando se urbanizou Eidos e non construíron ningún redutor de velocidade. Demandan que constrúan redutores de velocidade, e agradecería que dixeran canto se vai a invertir en Redondela. Remata poñendo como exemplos, na comarca do Sanlés vaise invertir máis de 600.000 euros e no Val Miñor arredor de 500.000 euros.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non lles parece descabellado que un deputado veña a coñecer as demandas do concello, se se comprometeu a vir. Lles gustaría enmendar o punto do acordo, incluíndo: *Instar o Deputado Provincial Uxío Benítez a que visite Redondela cos grupos políticos e coas asociacións veciñais...* para que estean presentes. Esperan que a nova deputación faga as demandas que se lle fixeron. Pregunta se se van facer todas as demandas que se pediron. Remata dicindo que o van apoiar coa enmenda proposta.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que non saben quen fixo esta redacción da moción, porque ten moitas faltas de ortografía. Di que o portavoz de AER ten razón que ten que vir o deputado ao concello e ver o que se demanda, pero aquí non se está debatindo que non veña a este concello senon as formas, que non van compartir. Fai máis dun ano que en cada moción dicía que o Sr. Bas non solicitou ao Sr. Uxío Benítez unha reunión como todos os alcaldes e alcaldesas o están facendo, tardaron un ano en solicitar a reunión. A finais de outubro, lle dixo a concelleira Barciela Barros que solicitou a reunión, pero lle dixo que tiña que ser o Alcalde de Redondela. A acta de reunión informa que foron atendidas as peticións do plan móvese, actuacións nas estradas provinciais e lles entregaron un dossier e o deputado comprométese a vir. Ao pouco tempo manifestan na prensa que urxe á deputación o arranxo das estradas provinciais, non sendo as formas de actuar. O deputado en ningún momento negouse a vir a Redondela.

A concelleira BARCIELA BARROS resposta ao voceiro do BNG que é competente para debatir unha moción, porque é concelleira de vías e obras e está en contacto cos veciños. Defende aos veciños porque ven a traballar, espera que o deputado tamén, a experiencia do BNG en Redondela xa a tiveron, facendo mala xestión en praias, saneamento, sendas.... O deputado debe atender ás estradas provinciais porque é o seu traballo, debe repartir o orzamento, descoñece o orzamento total que ven a Redondela e canto lle pertence, antes a deputación traballaba para Redondela, agora non o fan. Resposta á concelleira Rivas Gómez que saliu a noticia en prensa porque sabían o que ía pasar, a nova deputación vende fume, e logo fai fotos do traballo que fixo o PP.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que logo da intervención da concelleira do PP

---

### Concello de Redondela



reafirmase no exposto respecto a falta de capacidade para debatir a moción. O plan de concellos da deputación, é o concello quen prioriza o que vai investir. Di que antes a deputación tiña unha xestión caciquil e amiguismo. Agora hai unha proposta de mellora de seguridade viaria da que os veciños e veciñas vanse a beneficiar que van a priorizar aos peóns sobre os coches, pero para o PP é o revés, primeiro os coches. Non cuestionan que o deputado veña a Redondela pero o PP está utilizando o pleno para marcarlle a axenda para desacreditar á deputación.

O concelleiro CRESPO ABAL di que hai demandas que veñen antes do 2011, non lle aparece ben que fale o PSdeG-PSOE de faltas de ortografía, lles gustaría que o deputado da deputación viñera aquí.

A concelleira RIVAS GÓMEZ resposta ao concelleiro Crespo Abal, respecto ao manifestado das faltas de ortografía que non se faltou respecto á concelleira Barciela Barros senon que o escrito dende o punto de vista da institución teña esas faltas. Lle resposta á concelleira Barciela Barros, que saben de sobra os cartos que lle corresponde a Redondela, di que o PP fixo obras a correr polas presas, non teñen nin idea cómo facían as cousas, había amiguismo, o Alcalde ten que saber as necesidades que lle corresponden a Redondela e non á deputación. A súa política non lle representa. Dille que visita todo pero vende fume pero os veciños non participan en nada. Queren propoñer a retirada da moción, porque hai que debatilo na deputación.

O Alcalde non acepta a retirada da moción.

A concelleira BARCIELA BARROS lle resposta á concelleira Rivas Gómez que o que dixo que descoñece, respecto do orzamento total da deputación o que lle corresponde a Redondela. A deputación deu máis de 18 millóns de euros para Abel Caballero en dous anos. Respóstalle que está traballando polos veciños de Redondela. Di que a deputación debe coidar o que é deles e que teñen que mantelo. Brindouse a ir co deputado e plantexarlle os problemas dos veciños. Quen sacou a nota de prensa antes foi o deputado. Remata dicindo que comprometeuse a vir a Redondela e aínda non o fixo.

O Alcalde chama por primeira vez á orde á concelleira REY GÓMEZ por interrupción.

A concelleira BARCIELA BARROS continúa dicindo que o deputado non lle contesta se teñen un estudo feito sobre Redondela.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción coa enmenda no punto 1. do acordo: *Instar o Deputado Provincial Uxío Benítez a que visite Redondela cos grupos políticos e coas asociacións veciñais para comprobar as necesidades de mellora das Estradas provinciais tal como se tiña comprometido na xuntanza do 10 d enovembro que tivo con representantes municipais na Deputación de Pontevedra*, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 13 votos a favor (9 do PP e 4 de AER) e 8 en contra (6 do PsdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).



.../...

O alcalde retírase da sesión ás 21:35 horas e ocupa a presidencia o primeiro tenente de alcalde, Álvarez Ballesteros.

### **6.3.2. Moción do PSdeG-PSOE sobre pintado de prazas de aparcadoiro en liña na estrada Campo de Fútbol.**

#### **ANTECEDENTES:**

Moción do grupo PSdeG-PSOE do día 23/03/2017 con número 4.129 que se transcribe a continuación:

“No “Proxecto MARISMA, actuación de mellora ambiental e rexeneración da marisma, (Redondela, Pontevedra)”, na actividade de “Reordenación da mobilidade no entorno do río”, un dos obxetivos era a comunicación da Rúa Pedro Floriani co novo aparcadoiro sito na parte traseira do IES Pedro Floriani e coa Estrada Campo de fútbol.

Debido a esa actuación prodúxose un aumento considerable da circulación por dita estrada, sobre todo en horario de entradas e saídas dos distintos centros educativos que se atopan na marisma, así como en horarios de entreno e disputa de partidos no Campo de fútbol de Santa Mariña.

A principios do ano 2012 o grupo municipal socialista presentou ao Pleno do Concello un rogo no que se explicaba isto mesmo e tamén se apuntaba, literalmente, que “no comezo da referida estrada, atópanse dous postes de Telefónica que supoñen un alto risco para a circulación viaria. Da mesma maneira cabe sinalar que o aparcamento non regulado diante dos Edificios sinalados cos números comprendidos entre o 5 e o 13 da referida Estrada fai imposible a circulación de dobre sentido por esa vía.” Nese mesmo rogo solicitábase ao señor Alcalde que fixera “as xestións oportunas coa Compañía de telecomunicacións Telefónica, para a retirada dos postes antes mencionados, así como sexan establecidas e debuxadas as prazas de aparcamento en LINEA diante dos edificios nomeados.”

5 anos despois daquel rogo podemos comprobar como foi atendido a medias. Os referidos postes xa foron retirados da estrada mais as prazas de aparcamento seguen invadindo o carril de circulación limitando e molestado o dobre sentido de circulación na referida estrada.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

Que sexan establecidas e debuxadas as prazas de aparcamento en LINEA diante dos edificios sinalados cos números comprendidos entre o 5 e o 13 da Estrada Campo de Fútbol.”

#### **INTERVENCIONS:**

O concelleiro REGUERA OCAMPO engade un segundo punto no acordo 2. *que se aumente a seguridade viaria coa eliminación das barreiras arquitectónicas existentes no tramo anteriormente mencionado.*

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que cren que vai a ser unha mellora e van a





apoiar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que están decordo que haxa seguridade viaria. Di que con este goberno os cidadáns están perdendo a favor dos coches. Pon como exemplo, no festival de títeres onde había un aparcadoiro que non estaba sinalizado e estaban baleiros. O futuro para os núcleos son os espazos gañados para os cidadáns e non os coches. Van apoiar a moción pero coa salvedade de que entenden que as mocións teñen que ir para o conxunto da sociedade.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que vai apoiar a moción.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que esta moción responderase o próximo martes na comisión convocada de interior, solicita que se espere ao resultado da comisión de interior.

O concelleiro REGUERA OCAMPO resposta ao concelleiro do BNG que é certo que non ten corpo para unha moción, pero no seu día presentaron rogo e non se fixo, por eso fan as mocións. Di ao concelleiro González Barbeiro que deberían ter o ansiado plan de tráfico porque desde que están no goberno, as rúas Pai Crespo, Meixón Frío e Reveriano Soutullo, volveron a ser donos delas os automóbiles, cando despois de moito traballo as fixeron peonís, agora o abandono é absoluto, quitaron as pionas, están facendo o contrario de o que se está a facer noutras vilas. Hai caos na zona de Mendiño porque está colapsada. Despois de cinco anos do rogo plantexan a moción, para ver se fan as cousas pouco a pouco.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que unha medida que é sinxela se teñe que levar a unha comisión, entende que vai fracasar porque non hai vontade, porque son políticas diametralmente opostas. Non houbo o plan de tráfico, seguen apostando porque os veciños dos núcleos rurais melloren a súa calidade de vida e os peóns para o goberno son secundarios. Deben crearse redutores físicos para que os coches non vaian a velocidade. Van apoiar a moción. Pedirían mocións de máis calado e peso que se dirixan a todo o concello de Redondela.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que mocións que se aprobaron non se fixeron caso. Concorde co que dixo o voceiro do BNG. Remata a súa intervención citando a seguinte frase de Durruti: *Organizastes xa a vosa colectividade? Non esperedes máis. Ocupade as terras. Organizádevos de maneira que non haxa xefes nin parásitos entre vós. Se non realizades iso, é inútil que continuemos cara adiante. Temos que crear un mundo novo, diferente ao que estamos a destruír.*

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO repite que os técnicos estarán na comisión de interior e resolverán. Resposta ao PSdeG-PSOE que no seu día gastaron 18.000 euros en un estudo plan tráfico de concello cando gobernaban e non o levaron a cabo. Respecto ao rogo que plantexaron no seu día, o tiveron en consideración, analizouse e tomouse unha decisión sempre co asesoramento dos técnicos. No seu día o rogo someteuse a valoración do técnico. Reitera que se retire, senon vaise a abster por coherencia. Son os técnicos que os teñen que instruír e lles din o que teñen que e que non facer. Non teñen inconvinte de que se trate nesa comisión de interior.

O concelleiro REGUERA OCAMPO resposta que esta moción é unha petición de pais que utilizan ese lugar.



O Alcalde incorpórase á sesión ás 21:50 horas.

O concelleiro REGUERA OCAMPO continúa que hai unha concentración de nenos e nenas, que levan cinco anos dende que presentaron o rogo e que van solicitar información aos técnicos e a ver se lle dan a razón a eles ou ao goberno.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción co punto engadido 2. *que se aumente a seguridade viaria coa eliminación das barreiras arquitectónicas existentes no tramo anteriormente mencionado*, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións do PP.

.../...

O Alcalde fai un receso ás 22:00 horas e reanúdase a sesión ás 22:15 horas.

#### **6.3.3. Moción de AER sobre a posta en valor e dinamización do arquivo municipal.**

##### ANTECEDENTES:

Moción de AER do día 20/04/2017 con número 5.819 que se transcribe a continuación:

“O Concello de Redondela conta dende hai anos co correspondente arquivo municipal que desenvolve unha importante labor de custodia, clasificación, dixitalización e mantemento da diversa documentación que historicamente xerou, xestionou ou recibiu a administración local. O que fora Concelleiro de Cultura, Julio Alonso, creou no ano 2015 o Arquivo Audiovisual de Redondela, unha iniciativa interesante que reforzaba o potencial do propio Arquivo Municipal. O obxectivo principal deste proxecto é a recompilación, conservación e difusión da memoria e historia de Redondela a través do pasado fotográfico redondelán, carteis, documentos e produtos audiovisuais, principalmente en mans privadas e que se atopan en perigo de desaparición e que é fundamental a súa recollida e difusión.

Actualmente cóntase cunha única funcionaria dedicada ás tarefas de xestionar e manter o Arquivo Municipal e o Arquivo Audiovisual, o que coa cantidade de traballo existente, o persoal é claramente insuficiente para tal tarefa. Cabe engadir que esta traballadora é unha Auxiliar, pero como ven sendo máis que habitual, incorrecto e incluso a veces abusivo no noso Concello, ante a falta de persoal neste departamento, realiza as súas labores de auxiliar pero tamén de subalterno, de administrativo, de técnico medio e en ocasións máis aínda, de técnico superior de Arquivos. Para solucionar esta circunstancia precisamos altura de miras político e sobre todo interese pola potenciación do noso Arquivo Municipal. Por iso presentase a presente moción, para poñer en solfa tal necesidade e que o goberno local aproveite a oportunidade.

O potencial do Arquivo Municipal podería dar lugar a numerosos proxectos de interese para toda a veciñanza actual e futura, polo que supón a conservación da memoria histórica de Redondela. Para solucionar esta circunstancia precisamos visión política e

---

#### **Concello de Redondela**



afán por aproveitar o potencial do Arquivo Municipal para optimizar a información coa que conta dando lugar a proxectos novidosos con valor engadido histórico.

Tendo en conta que a Lei 7/2014 de Arquivos e documentos de Galicia, nos seus artigos:

art 14. 3. Son obrigas do persoal ao servizo dos arquivos públicos, de acordo coas responsabilidades profesionais que en todo caso lle corresponden a cada grupo ou categoría: g) Difundir, se é o caso, os documentos que custodien a través de actividades de divulgación e de formación.

art 44. 2. As entidades locais territoriais (...) En todo caso, están obrigadas a aplicar normas e procedementos que garantan o tratamento axeitado en canto á (...) difusión dos documentos xerados ou recibidos no exercicio das súas funcións.

Así pois, a difusión actual realízase a través dunha páxina de facebook e máis dun blog propios do Arquivo Municipal e do Arquivo Audiovisual, sendo o sensato que na páxina web do concello se lle dese a correspondente relevancia a este departamento cun apartado propio que permita a relación directa coa veciñanza neste eido. Outras posibilidades de difusión, de baixo custe de realización, poderían pasar por;

- Proxección escolar do Arquivo.
- Publicidade específica.
- Charlas por tódalas parroquias para dar a coñecer o arquivo e para convidar á veciñanza a aportar documentación histórica de valor.
- Xornadas de portas abertas.
- Exposicións con documentos e información propia do Arquivo Municipal e do Arquivo Audiovisual.
- Publicacións a partir da información histórica do Arquivo.
- Colaboracións con entidades culturais que traballen coa memoria histórica.

Por estes motivos, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1.- Que de xeito inmediato se tomen as oportunas decisións para a potenciación, difusión e posta en valor do Arquivo Municipal.
- 2.- Que se reforce o persoal do Arquivo Municipal, aplicando a fórmula máis propicia e factible; creación doutro posto de traballo para o departamento, reforzo con persoal proveniente de bolsas ou contratos da Deputación provincial ou mesmo solicitando á Deputación un reforzo específico temporal, servizo que esta institución ofrece aos concellos que llo soliciten.
- 2.- Que dentro da nova páxina web do Concello de Redondela se deseñe un espazo específico para o Arquivo Municipal de tal xeito que a veciñanza poida comunicarse de xeito efectivo con este departamento. Que ademais se difunda a través destes medio os recursos dixitalizados dos que dispón tales como documentos históricos, planos antigos, fotografías, videos, etc e se promova a nivel escolar, charlas, xornadas, publicacións ou mesmo exposicións.”



## INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que a proposta é axeitada que poñe en valor o arquivo municipal e é un paso adiante para coñecer a historia do Concello. A van apoiar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que para o BNG entrar na memoria histórica é moi importante, para eles é moi importante que o arquivo municipal sexa de máis envergadura, recolla a riqueza cultural de Redondela. Tense que participar con entidades relevantes para recoller a memoria histórica, e traballar con asociacións como, a asociación de estudos locais Fernando Monroy de Cesantes e Alén Nós. Pregunta se a petición da segunda traballadora se plantexa a través dos sindicatos ou negociación. O segundo punto que fala da creación do posto de traballo, di que non son partidarios en acordos do pleno crear temporalidade. Pediría que se recollera únicamente a creación doutro posto para o departamento. É importante que AER recoñeza que hai que tomar decisións políticas, para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas. Estarían dispostos a dar apoio á moción.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que para o PSdG-PSOE o arquivo parécelles un espazo fundamental para o funcionamento do Concello de Redondela. Impulsar sistemas de xestión de documentos, ten que ser rápido para que a administración funcione. O arquivo garante o acceso á información, e a protección e difusión do patrimonio documental. Cren que o arquivo é unha ferramenta básica para a xestión diaria do Concello. Di que é a nosa propia historia. O ROF obriga á custodia dos documentos e a lei de patrimonio histórico obriga a mantelo. Debe ter persoal especializado en número suficiente e co nivel axeitado, cren que non é suficiente un traballador, na RPT ven contemplado cun C1 e un A2, cren que con premura debe sacarse esta praza.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo coa moción. Co concelleiro Xulio Alonso tivo impulso o arquivo audiovisual. No Redondela 2020, fala de dixitalización e recuperación do arquivo histórico de Redondela, como unha estratexia de actuación. O Sr Reguera sendo concelleiro de cultura non fixo nada e igual que ao Sr. González do BNG, di que se esqueceron e que agora din que é o momento de facer todo. Agora compráronse dous ordenadores, un scanner, fíxose convenio coa deputación para consultar coa web, na nova web haberá un espazo concreto para o arquivo. Moita da documentación que agora está e que se poderá consultar na nova web está porque se fixo un traballo.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que na RPT é un posto que xa se recolle. Respecto á proposta do BNG do traballador proposto, dille que o indican así porque a deputación xa ten esas cuadrillas de apoio e o concello o pode solicitar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non van debatir nese apartado, preferirían que non fora así o acordo pero non lle van poñer problemas. Dille á voceira do PP que debería debatir esta moción a concelleira de cultura. O BNG gobernando fixo pequenas intervencións de recuperar a memoria histórica en algunhas parroquias cos veciños e hai algún manual. As novas tecnoloxías están demandando novas respostas e que a administración demanda novas xestións para coñecer a historia local. Saben que hai prioridades dentro da xestión de Redondela.



O concelleiro REGUERA OCAMPO di que cando era concelleiro de cultura fixéronse grandes inversións, recuperouse o espazo onde estaba a policía local para o arquivo. Fíxéronse algunhas campañas de memoria histórica. A páxiña de arquivo audiovisual de Redondela a teñen parada, terá que ter persoal para xestionala. Como as fotos paradas que compraron, que están sen catalogar. Eles no seu día fixeron unha catalogación, parécelle lóxico que se contrate unha persoa definitiva. Van apoiar a moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao Sr. González Campo que teña respecto ás mulleres do grupo do PP, cando defenden unha moción. Dille que cando gobernaban di que fixeron grandes inversións e logo indica que tiveron limitacions e que colaboraron coa Deputación.

O alcalde chama á orde por primeira vez á Sra. Rivas Gómez por interrupción e unha segunda vez, por reincidir nas interrupcións.

A concelleira AMOEDO DASILVA continúa dicindo que ela entra no arquivo municipal para buscar información. Resposta aos concelleiros intervincentes que cando están na oposición din unha cousa e cando gobernan fan outra.

O alcalde chama á orde por primeira vez ao concelleiro González Campo por querer o turno de palabra para responder á concelleira Amoedo Dasilva sobre o manifestado da súa falta de respecto á mulleres do PP e tamén chama á orde por primeira vez á concelleira Amoedo Dasilva, por interrupcións. Suspende o pleno ás 22.50 horas ante as contínuas interrupcións, reanúdase a sesión ás 22.55 horas.

O concelleiro VARELA COUÑAGO agradece o apoio á moción.

O alcalde sinala que concretarase máis na xuntanza de Redondela 2020 para que sexa a base pero que haberá máis aportacións.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións do PP.

#### **6.3.4. Moción do PSdeG-PSOE sobre o cemiterio municipal de Eidos.**

##### ANTECEDENTES:

Moción do grupo PSdeG-PSOE do día 24/11/2016 con número 18.073 que se transcribe a continuación:

“O cemiterio municipal dos Eidos foi construído en 1833, ten 183 anos de historia, datando a tumba máis antiga de 1860. É un cemiterio de gran valor artístico debido as tallas e mausoleos de arquitectura sobresaínte, así como a autoría de moitas pezas, realizadas por canteiros de Redondela de gran prestixio.





Entre os persoeiros ilustres cuxos restos descansan neste recinto destacan os exalcaldes Ramón Francisco Pardo Ferro e Luís Telmo Bernárdez Santomé, o insigne médico e político Alejandro Otero Fernández ou o alférez de navío Juan O'Dogherty Browne, un dos heroes da batalla de Pontesampaio no enfrontamento contra as tropas de Napoleón, que trataban de recuperar Vigo e Pontevedra. Os Eidos tamén alberga unha fosa común na que foron enterrados 42 represaliados da Guerra Civil no ano 1936 aos que cada ano réndese homenaxe pola súa entrega en defensa dos valores democráticos e da República.

Na actualidade, este espazo de gran importancia histórica atópase nun estado de notable deterioro. O muro que linda coa rúa Hospital e o edificio anexo está moi inclinado, tendo ao aire as xuntas entre pedra e pedra e faltando moitas das pedras en consecuencia. Ao longo do muro, parte das pedras de peche atópanse con risco de desprenderse e outras xa desapareceron co paso do tempo. No interior do cemiterio, hai tallas rotas e tumbas abertas.

Para os socialistas, como firmes defensores do noso patrimonio, é unha obriga loitar pola perseveración das pegadas históricas e culturais da nosa vila.

Polo todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Que o Concello de Redondela realice un estudo integral para a recuperación, perseveración e posta en valor do Cemiterio do Eidos que contemple:

-Un rexistro das medidas das pedras do muro do cemiterio.

-Unha actuación no muro deteriorado.

-Establecer un protocolo para un maior coidado en materia preventiva e de mantemento para o Servizo de Xardíns e Limpeza do Concello de Redondela.

-Proceder a tapar as tumbas valeiras, polo traslado dos restos ao Cemiterio de Mañó, cun material respetuoso coa contorna.

-Renovación do firme das rúas que conforman o recinto.

-Mellorar a accesibilidade da entrada principal debido a que hai barreiras arquitectónicas que impiden o acceso a persoas de maior idade ou con diversidade funcional.

-Instalación de elementos que informen da historia do cemiterio e dos persoeiros e persoeiras que xacen alí.

-Restauración das tallas en mal estado e reposición das que falten, puidendo facelo mediante convenio co obradoiro de cantería que se atopa en Pousadouro ou coa escola de canteiros da Deputación.

-Unha mellor iluminación de todo o recinto.

-Fomentación da permanencia dos restos no Cemiterio Municipal dos Eidos.”

#### INTERVENCIÓNS:

---

### **Concello de Redondela**



A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor é o deber de conservar e mantemento do patrimonio. A van apoiar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que recomendan unha relectura dun traballo importante que como é a mellora do arquivo municipal, un traballo de asociación cultural e Fernando Monroy de Cesantes. Necesita converterse nun espazo aberto, de espacemento e puntos de encontro para veciños e veciñas. Queren complementar a posta en valor do cemiterio de Eidos con unha moción que no seu día presentaron de posta en valor da zona de Eidos pero que non se levou a cabo. O cemiterio forma parte da memoria de Redondela, hai que dar unha posta en valor dende o punto de vista en colectivo e que hai axudas que así a o posibilitan. A Deputación está poñendo en marcha subvencións, 7.400 euros para a instalación de cartelería e protección de elementos patrimoniais.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van apoiar a moción. Fai un inciso de que no acordo se fala do obradoiro de cantería que faga os traballos pero xa non está. É unha posta en valor que hai en Redondela e que hai que recuperar.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que todos están de acordo da recuperación, no Redondela 2020 xa hai unha partida de recuperación do cemiterio. En canto á moción que falan que son os defensores do patrimonio de Redondela, e eles non fixeron nada cando gobernaban. Igual que o Sr. Gonzalez Campo que non mostra coherencia. Queren recordar que hai unha petición que se fixo polo colectivo republicano de Redondela preocupados polo traslado ds restos de Telmo Bernadez así como o estado de deterioro como os panteóns, elementos decorativos, elementos de cultura, herbas, roturas, era un documento do ano 2006, e poderían ter feito. Traen a moción cando xa saben que no Redondela 2020 hai unha denominación e idea de estratexia, di que teñen oportunidade.

O concelleiro Araújo Figueroa agradece o apoio da moción. Responde á concelleira Amoedo Dasilva que esta moción responde aos programas electorais que levaron no ano 2011 e 2015. No Redondela 2020 aínda non teñen o estudo sobre o cemiterio, habería que ter responsabilidade, en canto á limpeza de cruceiros, petos de ánimas, con auga de presión que non se podería facer. Cando se mandan aos operarios municipais a limpar hai que ser cuidadosos, e hai que coidar o patrimonio. Di que se preocupan pola defensa do patrimonio, porque presentaron mocións sobre o cargadoiro de Rande e a recuperación das Telleiras.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di á concelleira do PP que novamente terxiverxa, un dos grandes cambios que fixo o BNG foi a recuperación de fontes e lavadoiros. Di que eliminaron un cruceiro na zona coñecida como *curucha* e non fixeron nada. No ano 2015 tiñan 30.000 euros para o cemiterio e non fixeron nada agora todo o remiten ao Redondela 2020. Lle emolesta que a deputación invirta no Concello. Eidos é un elemento que serve para dinamizar a zona de Eidos e que o teñen abandonado, e se está convertindo noutro cemiterio paradóxicamente.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o Redondela 2020 cada vez lles xurden máis dúbidas, van apoiar a moción. Solicita retirar do acordo o do obradoiro de canteiros.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao PSdG-PSOE que se esquecen do pasado. Eles non se esqueceron do cemiterio. O PSdG-PSOE deixou moitas cousas



sen facer. Ao Sr. González Campo lle resposta que fixeron recuperación de fontes en adoquín. Di ao PSdeG-PSOE que non teñen memoria histórica, que non fixeron nada polo patrimonio de Redondela. A realidade é que o deixaron morrer a recuperación do patrimonio histórico.

O concelleiro Araújo Figueroa resposta que presentan a moción e se sae adiante é que o goberno municipal a cumpra. Agradece á corporación que haxa unimidade na moción e que sigan loitando polo patrimonio cultural de Redondela.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita coa retirada do inciso do obradoiro de cantería que se atopa en Pousadouro respecto á restauración das tallas en mal estado e reposición das que falten, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

#### **6.4 Rogos e preguntas.**

##### **Preguntas AER diversos temas (Rex. Entrada 19.05.2017, 2017-E-RC-7.379):**

###### **1. Redondela 2020.**

Respecto á selección das actuacións a encadRAR na axuda europea do Redondela 2020, unha vez que xa se teñen posto enriba da mesa diversas suxerencias e propostas para avaliar, en que prazo ten pensado o goberno local comezar a consensuar as actuacións que se realizarán baixo esta liña de axudas?

**Resposta:** O Alcalde resposta que houbo proceso de aportacións de todos os grupos, hai que dar de alta as operacións e dar de alta a plataforma, parece ser que na primeira quincena de xuño a plataforma estará operativa, que servirá para a toma de decisións. Espera que a nivel nacional os orzamentos estean aprobados, para dar solución a parte orzamentaria do proxecto.

###### **2. – Funcionario programador/xestor cultural.**

Despois de terse demandado en diversas ocasións e vista a necesidade real existente. Visto que existe traballo dabondo para que exista un posto estable, ou sexa, un funcionario, que se especialice en xestión e programación cultural. Tendo en conta que esta é unha demanda das entidades e asociacións sen ánimo de lucro que programan actividades abertas en Redondela para poder recibir apoio dende o propio concello. Tendo en conta a importante programación sociocultural propia da administración local.

O goberno local ten aberto o proceso para designar un funcionario para labores de xestión e programación cultural tanto das actividades propias do concello, como de apoio na xestión das necesidades das entidades sen ánimo de lucro que programan no territorio do Concello de Redondela?

**Resposta:** O Alcalde resposta que é necesario potenciar a área cultural con maior persoal, se poideran contratar persoal estaría potenciado pero as circunstancias actuais non o permiten, pero están cunha idea de reestruturar o departamento e



persoal, a posibilidade de dotarlle dun auxiliar administrativo para poder ter mellor atendida esa área.

### **3.- Mellora da seguridade vial na N-555**

Despois que o ministerio de Fomento anunciase que se ía destinar unha partida orzamentaria no ano 2016 para obras de mellora e seguridade viaria na estrada nacional N-555. Sendo por todos coñecidos o perigo que existe en todo o traxecto desta estrada nacional correspondente a outros séculos. Tendo en conta o deber do goberno de Redondela para xestionar con outras administración a realización de obras e mellorar en territorio do concello de Redondela, mesmo a demandar a súa pronta execución.

- Poderían informar acerca do prazo no que darán comezo as obras de mellora da seguridade viaria da estrada Nacional 555 dirección aeroporto de Peinador?
- Poderían informar en que prazo se poderá dar solución ás necesarias medidas de seguridade viaria na estrada N-550 a altura do Colexio de Cesantes?

**Resposta:** O concelleiro González Barbeiro contesta unha vez que fomento finalice a expropiación dos terreos.

### **4. – Mellora e mantemento do borde litoral de Cesantes.**

Tendo constancia todos os aquí presentes das reiteradas demandas da veciñanza de Cesantes respecto ao mantemento correcto das instalación e infraestruturas existentes no borde de todo o litoral de Cesantes, incluído a conservación do propio areal e mantemento e mellora do paseo da Punta.

O goberno local ten programado unha moi necesaria actuación integral de mantemento e mellora do borde litoral de Cesantes, dende o peirao ao final da Punta máis alá do que son as intervencións puntuais xustificativas da bandeira azul e de xeito prolongada no ano, non somentes en época estival?

**Resposta:** O concelleiro Álvarez Ballesteros resposta que se ten pensando, que integral de punta a punta igual non. Se foron facendo cousas puntuais. Este ano pediron subvención a través de turismo que foi concedida e se destinará á zona de Cesantes. Fixéronse melloras en Chapela e Rande e Soutoxuste. Faranse actuacións importantes para poñer as praias en valor. En inverno estiveronse facendo limpezas en puntos máis importantes.

### **5. Obras Avenida de Vigo.**

Recentemente comezaron as obras para a humanización da Avda. De Vigo en Chapela. Todos somos conscientes de certo rexeitamento razoable por parte dunha parte importante da veciñanza desta parroquia. Esta situación debeuse a unha certa falta de transparencia previa a case o inicio das obras, a que o goberno local non preplanificou zonas de aparcadoiro disuasorio e a un temor xeral pola incidencia negativa sobre o comercio e a hostalería durante o prolongado prazo de execución das obras. Nese senso dende o goberno local fixéronse diversas promesas públicas ao respecto.

Dende o goberno local estase controlando que as obras da avenida de Vigo estean



realizándose en tramos de 100 metros, que a construtora cumpra co proxecto construtivo e que o impacto sobre o número de aparcadoiros sexa o mínimo posible? Quen é o responsable dese control? Cal é a incidencia actual sobre os comercios e hostalería da zona? Que tipo de molestias están padecendo a veciñanza e que medidas se están tomando para minimizalas?

**Resposta:** A concelleira Amoedo Dasilva resposta que é unha estrada autonómica e o director da obra do departamento técnico da Xunta é responsable do control e vixilancia das obras. A concelleira de vías e obras está facendo un control sobre o que se está facendo. Cando teñen queixa dalgún veciño, se achegan para intetar solventalo. É normal que haxa as molestias pero as están intentando solventar. A incidencia sobre os comercios, apenas hai actividade comercial, lles pediron uns tablós e se lles levaron.

### **Rogos:**

**Rogo de AER acumulación de vehículos requisados fronte a oficina da Policía Local. (Rexistro de entrada 19/05/2017 – 2017-E-RC-7378).**

Vista a "Chatarrería" (como coloquialmente o describen algúns veciños de Redondela) en que se veu convertendo o aparcadoiro da Policía Local na Casa do Mar, no que se acumulan coches e motocicletas requisadas que se foron deteriorando co tempo. Visto o mal aspecto que supón esa acumulación de vehículos en mal estado e en vías de deterioro, xusto na entrada a unha zona de múltiples pistas e pavillóns deportivos, así como xunto a unha zona escolar concorrida.

Rogamos que o goberno local tome as oportunas medidas para solucionar que esa zona se converta nun cemiterio de vehículos requisados.

**Resposta:** O Alcalde indica que no ano 2012 intentaron que se desprazaran os coches nesa zona, pero a normativa di que eses coches teñen que estar vixiados e se plantexou que se incluíra no contrato de grúa unha cláusula de obriga de ter unha espazo e a custodia dos vehículos por parte da concesionaria. Queda pouco para a sinatura do contrato coa empresa adxudicataria.

....

Logo pasan a tratarse as preguntas e rogos presentados no rexistro electrónico polo grupo do PSdeG-PSOE o 24/05/2017, 2017-E-RE-235, clarexando polo Alcalde que non foron incluídas no sesión do pleno porque non constaron no rexistro de entrada de secretaria.

### **1. Pregunta PSdeG-PSOE sobre a feira de Redondela.**

Por mor da afluencia de persoas na XVIII edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela non se celebrou a pasada feira de Redondela do 21 de maio de 2017 e esta última, trasladouse ao 16 de xullo de 2017, data que coincide coa celebración da feira en Chapela.

#### **PREGUNTAS:**

Por que o Goberno Municipal do PP de Redondela puxo como data mais "idónea" o 16





de xullo de 2017 para a celebración da feira de Redondela? Tivo en conta o Goberno Municipal do PP de Redondela a celebración da feira de Chapela nos días 2 e 16 de cada mes?

**Resposta:** O Alcalde indica que se respostará por escrito.

## **2. Pregunta PSdeG-PSOE sobre os quioscos na praia de Cesantes.**

Xa rematada a Mesa de Contratación do Plan de Ocupación con Servizos de Tempada na Praia de Cesantes 2017 e empezando a colocarse ditas instalacións.

PREGUNTAS:

Revisou o Goberno Municipal do PP de Redondela o cumprimento das bases das instalacións actuais do Plan de Ocupación con Servizos de Tempada na Praia de Cesantes? Ten previsto o Goberno Municipal do PP de Redondela revisións periódicas do cumprimento das bases de quioscos na Praia de Cesantes?

**Resposta:** O Alcalde indica que se respostará por escrito.

## **Rogo do PSdeG-PSOE sobre os colectores de lixo nos pasos de peóns.**

A veciñanza de Redondela trasladounos a súas queixas debido a falta de seguridade en moitos pasos de peóns ao atoparse preto de colectores de lixo. Unhas das zonas mais comentadas e con menos visibilidade son: o paso de peóns da Rúa Pai Crespo preto da Praza Pontearreas, o paso de peóns que sae do aparcadoiro da Avenida Ernestina Otero e o paso de peóns sito na Avenida Ernestina Otero que vai dar acceso á Xunqueira. Neste último, aumentando a perigosidade ao pasar moitos nenos e nenas cara o parque infantil da Xunqueira.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Que se revise a situación de moitos colectores de lixo preto dos pasos de peóns para mellorar a seguridade vial dos peóns.

## **Rogo do PSdeG-PSOE sobre o mantemento ds placa do monumento da praia de Cesantes.**

En abril de 2008 na Praia de Cesantes, inaugurouse un monumento en recoñecemento ás vítimas da represión durante a ditadura franquista que foron encarcerados na illa de San Simón.

Dende hai máis dun ano e por mor do vandalismo, non se atopa a placa de aceiro coa lenda que formaba parte do monolito e que lembraba a historia das vítimas do franquismo, ensalzando os valores democráticos de todas as persoas que foron represaliadas por loitar polos seus dereitos. Sen esta placa, un anaco de historia, non poderá ser recordado a finalidade da razón de dito monumento.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

A reposición e mantemento da placa coa lenda do monumento sito na Praia de Cesantes.



## **Rogo do PSdeG-PSOE sobre cumprimento ordenanza reguladora da xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos.**

A veciñanza da Rúa Paseo da Xunqueira leva tempo queixándose do estado no que se atopan tanto os colectores de lixo como a contorna sita na devandita rúa. Existe case de maneira continua, un amontoamento de material formando pilas á beira do colector de lixo que incumpre o art 4 2. da Ordenanza municipal reguladora da xestión e do tratamento dos residuos sólidos urbanos, da limpeza de espazos públicos e da salubridade do Concello de Redondela “os residuos procedentes da limpeza a que se refire o apartado anterior depositaranse en recipientes normalizados e queda prohibido o seu amoreamento ou depósito ao aire libre ou utilizando outros recipientes ou medios non autorizados”. Ademais, hai usuarios que están a tirar residuos orgánicos sen a correspondente bolsa de plástico pechada como ven regulada no art 19. 1. “os residuos correspondentes ao contedor verde depositaranse nos contedores sempre en bolsas de plástico debidamente pechadas e consistentes coa finalidade de evitar a dispersión e os vertidos así como de contribuír á seguridade do persoal encargado do servizo”.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Que se faga cumprir a Ordenanza municipal reguladora da xestión e do tratamento dos residuos sólidos urbanos, da limpeza de espazos públicos e da salubridade do Concello de Redondela.

### **7. Renuncia ao seu posto de concelleira Raquel Quintans Costoya.**

Visto o escrito de renuncia presentado con rexistro de entrada o día 11/05/2017, 2017-E-RC-6888 pola concelleira non adscrita Raquel Quintáns Costoya (logo da renuncia á adscrición do grupo municipal Redondela Pode (PODER), renunciando á súa condición de concelleira, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral Redondela Pode (PODER) Enrique Fojo Durán.

### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

### **8. Renuncia ao seu posto de concelleiro Jorge Varela Couñago.**

Visto o escrito de renuncia presentado con rexistro de entrada o día 16/05/2017, 2017-E-RC-7201 polo concelleiro Jorge Varela Couñago de AER, renunciando á súa condición de concelleiro, así como os escritos de renuncia presentados o 23.05.2017 polos seguintes candidatos da lista electoral: María Isabel Losada García, Luís Antonio



Medal Fiel e Rubén Costas Fernández a ser concelleiros,ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral, Xosé Covelo Míguez.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-